

FAI UN CÓMIC.

Un cómic é unha serie de viñetas (cadros) que van contando unha historia. Nel, a parte dos debuxos que recrean escenas da historia, tamén se poden incluír comentarios das personaxes ou do narrador.

Cando unha personaxe fala ou pensa utilízase un determinado tipo de bocadillo, que son as caixas onde se escriben as palabras ou debuxos no caso de pensamentos. Os bocadillos da fala son con liñas rectas, e a forma máis habitual son os rectángulos, mentres que no caso de pensamento úsanse bocadillos ondulados, con forma de nube. Fíxate nos exemplos e elabora o teu propio cómic.

- 1.- Primeiro discurre a historia que vas debuxar
- 2.- Planifica que escena vas a debuxar en cada viñeta
- 3.- Inclúe diálogos e pensamentos
- 4.- Colorea os debuxos.



